

# nordês

PERIÓDICO ANARQUISTA

UMHA COLABORAÇÃO ENTRE  
A IRMANDADE DA COSTA E  
ARDORA (S)EDIÇÕES ANARQUISTAS



N8 · NOVEMBRO 2018

SOBRE BOLSONARO  
E A ULTRADEREITA  
NO BRASIL

FAZEMOS UM APELO A  
EMPREENDER UMHA  
LUITA COLETIVA

GOEBBELS ESTÁ VIVO

# SOBRE BOLSONARO E A ULTRADEREITA NO BRASIL

**A**conteceu. O 28 de outubro Jair Bolsonaro, líder ultradereitista do Partido Social Liberal, gañou as eleccións brasileiras. Para que non saiba moito deste personaxe deixo a continuación algunhas declaracións que forman parte do seu discurso político e que dixo públicamente nos medios e diversas entrevistas: pensa que o erro da **ditadura militar** no Brasil (aínda que nega que fora unha ditadura) foi "torturar en vez de matar", e que se houbo tortura foi para impedir que "Brasil fose outra Cuba"; aínda así dixo públicamente que "está a favor da tortura, e o povo tamén é favorable" (en 1999, sendo deputado do PPR). Tamén manifestou a súa **homofobia**, dicindo lindezas como que se tes un fillo ou unha filla homosexual, "tes que darlle unha boa tunda para que cambie de comportamento"; tamén dixo no 2011 que

preferiría que o seu fillo morrera a que fora homosexual, ou que se ve a dous gays bicándose na rúa iría a pegar-lles. En canto ó **racismo**, cando lle preguntaron qué pasaría se un dos seus fillos saíse cunha persoa negra respondeu que "os seus fillos xamáis se xuntarían con esa clase de xente porque recibiron unha boa educación"; tamén dixo da poboación negra do Brasil (lembramos que ésta é maioría no país) que "non sirven para nada, nin para procrear". No referente á **misoxinia**, algunhas perlas que soltou foron "fíxeno ben cos meus primeiros catro fillos, co quinto falei e saíu muller" (dito nunha conferencia o ano pasado); ou cando lle repetiu no 2014 á diputada do Partido dos Traballadores "xamáis te violaría porque non o mereces, por fea" (a primeira vez díxoo mentres a empurraba). No referente ó **sistema democrático**, a pesares de presentarse nas eleccións, afirmou que "a través do voto non vai cambiar nada neste país, só vai cambiar cando nos partamos nunha guerra civil e matemos a uns 30.000". Tamén afirmou en 1999 que "evade todo o posible, se pode non pagar impostos, non os paga".

Algúns dos seus proxectos son: reformar o Estatuto de Desarme para facilitar que cada cidadán teña un arma, baixo o argumento de que poden axudar a reducir os homicidios (lóxica estadounidense); que os policías que matan estando de servizo teñan total impunidade; no referente a educación, poñer escolas militares en cada capital (para combater o marxismo), reducir a porcentaxe

de cuotas raciais e suprimir as aulas de educación sexual (por “pervertir” ós alumnos); criminalizar máis a “okupación” e que as chamadas “persoas sen terra” pasen a considerarse terroristas enfrentándose a penas de ata 30 anos de cárcere; en relación con esto último, súmase o non recoñecemento e rexeitamento ás Terras Indíxenas e campos de refuxiados, baixo o pretexto de que non aparezan países independentes dentro de Brasil.

Con todo isto (e moito máis), saíu victorioso nas eleccións co 46% dos votos, iso sí, **triunfando nos municipios máis brancos e ricos**, deixando un contraste tremendo con respecto ó seu contrincante Haddad: Bolsonaro obtivo ata un 75% dos votos en municipios con renda media ou alta mentres que, polo xeral, non chegou ó 25% nas zonas máis empobrecidas. Foi o máis votado no 95% dos municipios máis ricos (máis de 350 reais ó mes) mentres que Haddad o foi no 90% dos máis pobres (menos de 200 reais ó mes); acontece algo moi similar coa poboación negra e branca. Só con comprobar estes datos unha persoa xa pode facerse á idea de que línea ideolóxica segue Bolsonaro sen ollar ó seu programa...

De novo, coma sempre que se aproximan eleccións cun líder fascista (como pasou cando se presentaba Trump), **multiplícanse de maneira alarmante as agresións racistas, LGB-Tófobas e misóxinas** (como se xa non aconteceran a diario antes). Xa algo antes das elec-

cións, rexistráronse máis de 70 agresións de votantes de Bolsonaro nos primeiros dez días de outubro, chegando ó punto de gravar con navalla unha esvástica no ventre dunha muller por levar unha camisa co lema anti-Bolsonaro “Ele Não”, agredir cunha barra de ferro a unha muller negra trans cando ía votar mentres lle dicían que Bolsonaro ía gañar e ían acabar cos “desviados” ou directamente a asasinar, coma o caso de Guilherme Daldin, ó grito de “imos acabar con todos os comunistas”. Ante isto, Bolsonaro acudiu

*saíu victorioso nas eleccións co 46% dos votos, iso sí, triunfando nos municipios máis brancos e ricos*



á ferramenta defensiva máis utilizada polo fascismo: a **victimización**, lembrando que el mesmo foi apuñalado en setembro (supostamente por Adelio Bispo de Oliveira, aínda que por máis que leo sobre o tema hai algo que non me cadra, xa que este non remata de explicar ben por qué o fixo —di que lle mandou Deus— e a agresión só serviu para que se disparasen os votos a favor de Bolsonaro pouco antes das eleccións, chamádeme paranoico); a isto engadiu que a violencia ven doutro lado e

*Isto de espallar  
mensaxes de odio,  
intolerancia e  
discriminación  
pero logo xogar  
ás vítimas cando  
hai resposta por  
parte dos colec-  
tivos atacados é  
algo que podemos  
ver en calquer  
colectivo de  
ideoloxía fascista*

que el non ten control sobre o que fan todas as persoas que o apoian. Isto de espallar mensaxes de odio, intolerancia e discriminación pero logo xogar ás vítimas cando hai resposta por parte dos colectivos atacados é algo que podemos ver en calquer colectivo de ideoloxía fascista, como na xente de Hogar Social Madrid, sen ir máis lonxe; unha táctica moi boa e que da bo resultado, aínda que hai maneiras de combatir este tipo de colectivos fascistas, como amosan no documental ANTIFA (2018), que podedes atopar en Vimeo.

Para finalizar, cómpre reflexionar sobre o feito de que este fascista chegara ó poder foi debido, non a un golpe militar (deses que a el tanto lle gustan), se non á **Democracia**, esa falacia de que é o pobo quen governa a través de

representantes que traballan polo ben común, e hai un número suficientemente grande de xente que cre nisto como para que se considere lexítimo que unha persoa así estea no “poder”. Tamén é consecuencia disto que a principal mobilización que houbo contra Bolsonaro foi facer propaganda de Haddad, líder do Partido dos Traballadores e principal contrincante de Bolsonaro, entrando unha vez máis na trampa electoralista.

Este artigo foi unha ollada a cómo a ultradereita colleu forza en Brasil, mais aquí, no Estado español, tamén temos líderes fascistas de sobra (Casado, Rivera, Abascal) e moito traballo por facer. Vai sendo hora de que nos decatemos que non se lle pode dar ningún tipo de plataforma ó fascismo.



# FAZEMOS UM APELO A EMPREENDER UMHA LUITA COLETIVA

O passado 22 de outubro, umha nova morte em prisom tivo lugar no cárcere de Teixeira. Segun dados da prensa, nesta cadea já som 27 presos mortos na última década.

Um coletivo de familiares de pessoas presas ou de pessoas que morrerom em prisom esta-se a organizar desde há um tempo contra os cárceres. Há uns dias emitia o seguinte comunicado

## COMUNICADO DE FAMILIAS FRENTE A LA CRUELDAD CARCELARIA FALANDO DAS MORTES EN PISOM

Somos familiares de pessoas que estam presas e também de pessoas que morrerom na prisom. Somos entidades, coletivos e pessoas que trabalham polos direitos das pessoas presas e que exigimos que se respeitem os seus direitos e a sua

dignidade. Decidimos reunir as nossas vozes para romper o silêncio e a opacidade que rodeia a situação existente nas prisons.

As mortes em prisão som um problema insustentável. Exigimos às autoridades que deixem de olhar para outro lado. Raquel, Eduardo, Claudia, Lewis, IGina e muitos mais sobre as quais nom conhecemos a sua história. Mortes de pessoas baixo custódia do Estado que se aceitam e normalizan por quem dirigem as prisons.

No ano 2017 morrerom 41 pessoas nas prisons de Catalunya. Segundo as estatísticas da Generalitat, 8 pessoas morrerom por suicídio, em 9 casos assinala-se umha causa «desconhecida», 5 morrerom por sobredose e 19 por doenças.

Os «suicídios» na prisom, em muitas occasions, produzem-se

quando as pessoas se atopam em regime de isolamento. O isolamento na prisom impom um regime de vida às pessoas que consiste no encerro em soedade durante a maior parte do dia, entre 18 e 22 horas. Há pessoas que estam dias, meses e inclusive anos, apesar de que as normas internacionais para o tratamento das pessoas enclausuradas, conhecidas como as «Regras Nelson Mandela», que estabelecem que o tempo máximo de reclusom em isolamento tem que ser de quinze dias. O isolamento penitenciário gera um dano físico e psicológico enorme e irreparável.

Assim mesmo, há mortes por sobredoses que nom se teriam que produzir e pessoas com doenças mentais enclausuradas em departamentos de isolamento que acabam para as afundar definitivamente. Com respeito às mortes por doença,

há que destacar que na atualidade há pessoas doentes que nom teriam que estar no cárcere, já que existe a possibilidade que se lhes conceda a liberdade condicional por motivo da sua doença.

No entanto, som muitíssimos os casos que conhecemos de pessoas com doenças terminais que nom som liberadas e que finalmente morrem na prisom ou que obtêm um terceiro grau in extremis para sair a morrer fora da prisom, mas que virom como a sua doença as acabou consumindo. Exigimos que se revise o regime de visitas e as condições em prisom das pessoas que sofrem doenças. Todo isto demonstra que nom se protege de maneira adequada a vida e a integridade física e psíquica das pessoas encarceradas.

Denunciamos que no cárcere se produzem situações de violência institucional para as pessoas presas: maltrata-lhas, denigra e veja diariamente.

Estas vulneraciones de direitos e estes abusos de poder nom se estim a pesquisar de maneira adequada, e isto gera uma terrível indefensión por quem as sofrem em primeira pessoa e também para as suas famílias.

Também denunciemos que estim a ter lugar discriminações para as pessoas migrantes e/ou racializadas: o conjunto de discriminações que opera à sociedade se intensifica dentro da instituição carcelaria. Tudo isto demonstra que nom se protege de maneira adequada a vida e a integridade física e psíquica das pessoas encarceradas.

As famílias denunciemos que o trato quotidiano por parte dos funcionários públicos da prisom para os familiares e para as pessoas presas é denigrante. Além disso, há umha grande indefesom jurídica como o sistema público de defesa nom funciona de maneira ágil e efetiva. As famílias so-

## *Queremos romper o silêncio em torno da prisom*

fremos umha grande desinformaçom e isto nos desconcerta, ao mesmo tempo que faz aumentar a nossa dor e a nossa angústia.

Fazemos um apelo a empreender umha luta coletiva. A gerar umha rede dentro e fora das prisons, acompanhando iniciativas como a greve de fome que numerosos presos e presas iniciaram o passado 1 de outubro. Queremos romper o silêncio em torno da prisom e poder impulsar umha luta que nos leve a defender os direitos das pessoas presas e os seus familiares, bem como questionar um sistema penitenciário obsoleto, que fere profundamente às pessoas que passam por este sistema e que gera um grande dano social.



# GOEBBELS ESTÁ VIVO

FINIMONDO

Cada horror tem o seu próprio glossário burocrático.

Toda forma de dominação, para fazer invisível o sangue que derrama, deve dobrar e tergiversar as palavras encarregadas de expressar a realidade até que adquiram a falsidade necessária para ocultar as infamias cometidas.

Daí o uso e abuso de neologismos e metáforas com efeito anestésico. O exemplo histórico mais famoso, e ao mesmo tempo notório, é sem dúvida o que proporciona a propaganda nazi, da que aqui se reportam alguns exemplos indicativos.

*Revisom: irrupçom armada numha casa*

*Uniformidade: eliminaçom dos partidos, grupos ou jornais da oposiçom*

*Assegurar: Sequestro, roubo*

*Cuidado: supervisom*

*Peças: prisioneiros dos campos de concentraçom*

*Coventrizar: arrasar umha cidade por bombardeio aéreo*

*Morte compassiva: programa de eutanásia para cidadás “discapacitados” para preservar a “pureza da raça”.*

*Sincronizaçom: controlo total sobre todos os aspetos da sociedade*

*Espaço vital: evocado como indispensável para um povo que quer expandir-se, foi a justificação das invasons mi-*

*litares que conduzirom à Segunda Guerra Mundial.*

*Soluçom final: genocídio*

Os engenheiros da alma nom desaparecerom coa queda do nazismo, ao revés, se multiplicarom. Hoje em dia atopam-se em todas partes, desde os ministérios das grandes cidades até as administraçons municipais dos povos pequenos.

E a sua tarefa continua a ser a mesma: endulzar a massacre, fazer transparente o sangue, cobrir os gritos. Desta maneira, a nossa magnífica civilizaçom já nom se assemelha a um compressor de rolos que destrói todo o que se cruza no seu caminho produzindo montons de cadáveres, o seu percurso máximo pode provocar, de vez em quando, desagradáveis “efeitos colaterales”. Tam só um pouco de açúcar e a pílhora...

Tomemos um exemplo. Nom o suficientemente longe das correntes de vento do vale de Po, abriu-se a caça de estrangeiros durante o último período, também em Lecce. Ao pobre, por suposto, ao imigrante, às vezes sem documentos e sempre sem dinheiro, certamente nom ao turista rico.

Para a sua captura introduziu-se o uso dumha rede particular, que nom conta co peso pesado da repressom: a rede estéril da medicina. Com frequência nom é um carro patrulha o que se leva ao condenado da terra de turno, senom umha ambulância totalmente equipada, com psiquiatras incluídos. Desta maneira, graças à oportuna assinatura dos

médicos —tam útil como para indicar à polícia possíveis contestatários— ao desafortunado estrangeiro impomse-lhe imediatamente um TSO (Tratamento Sanitário Obrigatório). Graças a este método civil e aséptico, inclusive as ruas de Lecce (como as de Berlim nos anos 30) seram finalmente purificadas por aqueles que contaminam a raça nom aparecendo como deveriam, nom comportando-se como deveriam, nom falando como deveriam, nom orando como deveriam, mas sobretudo nom gastando como deveriam.

Conhecem a fórmula burocrática utilizada para indicar esta operaçom? “Estaçons limpas”.

E sabes que pensam fazer os psiquiatras que se prestem? Um “saneamento da angústia psíquica”.

Sem dúvida, o prémio Goebbels 2018 atopou na cidade de Lecce um dos ganhadores favoritos.

*Morte compassiva:  
programa de  
eutanásia para  
cidadás “discapacitados” para  
preservar a “pureza  
da raça”.*

# ANARRES DE LUTO: EM MEMÓRIA DE URSULA LE GUIN



POR ARTUR FLORES. JORNAL MAPA.

A escritora norte-americana Ursula Le Guin faleceu no passado dia 23 de Janeiro, com 88 anos. Versada em diferentes estilos literários, escreveu romances, poesia, ensaios e contos infantis, tornando-se popular pelas suas histórias de ficção científica. Considerada uma bestseller pela crítica internacional, sempre rejeitou esse termo, denunciando os interesses associados ao negócio dos livros. A escritora transpôs para os seus romances temas que se inspiram nas várias ciências humanas, pegando em referências da psicologia, da antropologia, e da filosofia. Em particular inspirou-se no taoísmo, no anarquismo e no feminismo, assumindo afinidade com as idéias e os escritos de Kropotkin, Lao-Tse, Tolstoi e Virginia Wolf.

O romance “Os Despojados – uma utopia ambígua”, publicado em 1974, é um desses exemplos. A narrativa acontece em dois planetas vizinhos, habitados por humanos. Anarres é um planeta árido, antiga lua de Urras, que se tornou independente, e para onde foram viver os revoltosos inspirados em Odo, uma mulher que influenciou a formação dessa colónia libertária. Urras é um planeta com vários estados, polarizados em dois regimes políticos: de um lado um governo capitalista e patriarcal, do outro um sistema ditatorial que governa em nome do proletariado, aludindo aos EUA e à Rússia durante a “guerra fria”. Através de Shevek, um cientista que vive em Anarres e visita Urras, a história desenrola-se fazendo emergir questões sobre liberdade, autoridade, hierarquia, proprie-

dade, as idiosincrasias linguísticas e culturais, bem como a alienação inerente a qualquer sistema.

Publicado anteriormente, e também incluído no Ciclo Hainish, “A mão esquerda das trevas” é outro livro marcante do seu legado, expondo a influência que o sexo, o género e a religião têm na cultura e na sociedade. Genly, um habitante da terra é enviado pela federação interestelar a Gethen, uma planeta desconhecido que atravessa uma época glacial. Os seus habitantes são hermafroditas, e vivem a maior parte do tempo num estado assexuado. Apenas durante o “kemmer” – última fase do ciclo reprodutivo – adquirem características psicológicas femininas ou masculinas. A escolha temporária do sexo é determinada pela troca de feromonas com o parceiro sexual, podendo cada indivíduo gerar filhos. Este foi considerado um dos primeiros romances de ficção científica feminista.

A simpatia de Ursula Le Guin pelo anarquismo pacifista, coincide com as suas convicções taoístas, filosofias que ela considerava terem bastante em comum, e estarem em consonância. Curiosamente existe uma versão do Tao Te King, traduzida pela escritora, com várias notas sobre a interpretação deste texto antigo, que ela estudou durante décadas, e lhe serviu de inspiração a vida toda. Em 2015 escreveu o prefácio do livro “The Next Revolution” que compila vários ensaios de Murray Bookchin.

Parte da obra de Ursula Le Guin está traduzida em língua portuguesa.

**Ardora**  
(s)edições anarquistas

Editora anarquista  
ardoraeditora.info · ardora@bastardi.net

**Irmandade da Costa**

Xornal dixital [airmandadedacosta.info](http://airmandadedacosta.info)  
[airmandadedacosta@riseup.net](mailto:airmandadedacosta@riseup.net)